

- 1 Le o seguinte texto e, despois, resolve as cuestións que se formulan sobre el.
- 1 Pipa, sentada no sofá, púxose a discorrer como faría para aprender a lingua do seu avó. Non debía de ser nada doado. Como farían os papás para o entenderen e el para saber o que eles lle dicían? Porque os papás e o avó se entendían moi ben e conversaban deseguido.
- 5 «Débeo de saber Tarnas», cavilou. E púxose moi contenta. Posiblemente Tarnas sabía atopar solucións a moitas cousas.  
—Oe, Tarnas.  
—Dime.  
—Por que os papás e o avó se entenden tan ben? Non falan igual.
- 10 —Porque son bilingües. A contestación deixouna desconcertada.  
—Que é ser bilingüe? —preguntou. Tarnas aproveitou aquela ocasión para portarse un pouco mal. Era moi rebuldeira.  
—Pois terás que mirar no dicionario.

Helena Villar: *O avó de Pipa*, Bruño (adaptación).

- a) Cando conversaban o avó e os pais de Pipa, facíanlo no mesmo idioma? Cita a oración ou as oracións coas que iso se expresa.

.....  
 .....

- b) Que solución lle deu Tarnas á pregunta de Pipa?

.....  
 .....

- c) Explica coas túas palabras que significa *bilingüe*.

.....  
 .....

- E ti es bilingüe? Por que?

.....

**2** Coñeces algún caso parecido ao dos papás de Pipa? Cón tao.

.....

.....

.....

**3** Escribe en cada recadro o número do sinónimo que corresponda:

- lingua    doado    desconcertada    rebuldeira
- 1 concerto   3 difícil   5 sincera   7 bilingüe
- 2 idioma   4 enredante   6 confundida   8 fácil

**4** Busca no texto dúas oracións interrogativas e escríbeas:

.....

.....

**5** Di en que conxugación e en que tempo están os seguintes verbos. Repara no modelo:

*Conversaban* → 1.<sup>a</sup> conxugación, pasado

- Sabía → .....
- Falan → .....
- Preguntou → .....
- Terás → .....

**6** Clasifica as palabras que se subliñaron no texto:

pronomes persoais: .....; artigos: .....;

adxectivos: .....; substantivos: .....

**7** Busca no texto e escribe:

- dúas palabras agudas con acento gráfico: .....;
- dúas palabras graves sen acento gráfico: .....;
- unha palabra esdrúxula: .....